# Saturnal

# 2001

## Festas de Sta. Isabel

## 2 e 3 de Xullo - San Sadurniño



# LEMBRANDO Ó AMIGO

Aquel proxecto que tiñamos non puidemos facelo na súa totalidade e unha boa parte da culpa tivéchela ti, Xerardo, pola presa na túa partida e deixándonos sos.

Procuramos facelo o mellor que soubemos, pero notouse a

túa falla. Estamos chegando ó final e tes que perdoamos por non habelo feito mellor, para ti, o noso emotivo recordo. Como ti sabes, un non morre mentres haxa alguén que o lembre e ti vas á estar sempre presente entre nós.

# VOLTO A BOTAR UN BAILE

Ouvean
balbordos de romaría:
cregos, frores e máis verbenas.
Doce bater das pólas,
morna tarde de sol.
Volto a botar un baile.
Co compromiso de sentirme eiqui
bailo e máis río.
Un solpor, logo un abrente.
Descanso en ti,
San Sadurniño.

*Rafa Yáñez Jato*



# EN EL CENTRO DE SAN SATURNINO
## - LA VILLA DE LA TRANQUILIDAD -

*¡La Oportunidad de su vida!*

UN EDIFICIO DE SOLO 4 PLANTAS, BAJOS COMERCIALES Y SOTANO PARA GARAJES. AL LADO DEL AYUNTAMIENTO, LA CASA DE LA CULTURA, EL CENTRO MÉDICO, LA IGLESIA PARROQUIAL Y EL COMPLEJO ESCOLAR.

UBICADO OPTIMAMENTE RESPECTO A TODA LA ZONA NOROESTE DE GALICIA Y MAGNÍFICAMENTE COMUNICADO
POR LA CARRETERA FERROL-RIBADEO Y POR LA NUEVA AUTOVÍA FERROL-AS PONTES.

¡VERDADERAMENTE CERCA DE TODAS PARTES!

UNA INVERSIÓN SÓLIDA, SEGURA Y RENTABLE PARA VIVIR EN UN ENTORNO IDEAL. ¡PARA TODA LA FAMILIA Y PARA TODA LA VIDA!

**16 PISOS de 90 metros útiles, - 115 construídos -**
**300 m² de bajos comerciales**
*** Plazas de Garaje**

MÁXIMAS FACILIDADES DE FINANCIACIÓN A TRAVÉS DEL

BBVA

Promueve y Construye:

COFEVI S.L.

INFORMACIÓN Y VENTAS EN LA PROPIA CONSTRUCCIÓN



Complejo Hostelero
La Ría



• Cafetería • Discoteca
• Restaurante • Parking

Especialidad en Bodas y Banquetes

Puente de Mera - Ortigueira (A Coruña)
Telfs.: 981 428 130 - 981 413 240

ELECTRO FRIGAL S.A.L.

Distribuidores de:
Cafeterías
LA CIMBALI
Cámaras Industriales:
REFRIGERACIÓN

Equipamiento de Hostelería y Alimentación • Frío Industrial •
Cálculo y Pesaje Electrónico • Aire Acondicionado

Avda. do Mar, Parcela 143 FERROL - Pol. de La Gándara (frente ITV)
Telfs. 981 372 275 - 981 372 276 • Fax: 981 333 164

CITROËN
HNOS. FERNÁNDEZ

Telf. 981 36 25 04 • Fax 981 36 25 00 DOSO- NARÓN



# Festa

Carlos Fernández da Rubiña
Erán días calorosos e mestos
nos que o Nordés animaba os incendios
e os cativos pensábamos loucuras
porque a nenez é tempo de quixotes.

Eran días de subir ao faiado
para mirar moi de lonxe pola claraboia
e no medio das nubes asomaba
a interrogación branca dun foguete .

Eran días de querer como queren
os que sinten gozosos os espasmos do mundo,
os que bailan a modo -como son-- os boleros
e debuxan de cor os pasodobres.

Eran días de ríos perguiceíros
e de mares abertos en tardes combustibles,
cando beber a fondo era un pretexto
para que o monte se viñera abaixo.

Eran días de corazon rachado
eran días de festa.

Vicente Araguas
Majadahonda, maio de 2001

Veciños, amigos. inimigos e estranxeiros todos, querida Santa Isabel, veño de Lugo terra de lobos desaparecidos á beira carreira do mar, a chufarvos, a dicir dunha vez marabillas de vós, a sacarvos as cores cos piropos, nunha palabra, a querervos.

Chámanme de encargo a este Finisterre, para subirme en peana e facer de vós e neste día os máis guapos e felices neste barrio da Coruña, agora que tanto se chufa a parroquia e a costela asada, o castrón mantido e a laverca enriba dun cóutello.

Este país esta cheo de chopos mercenarios de postineros petrimetres, que sen ser poetas ou visionàrios farfallan poñendo caIificativos, superlativos a calquera chilindrada ou coscovello para furar paredes.

Sodes listos, pero non tedes ningún Premio Nobel, sodes traballadores, pero non vexo aquí ninguén rebentado, nin demasiado rico, nin demasiado pobre, supoño que aínda tedes escondidas as ganas de namorarse e facer felicidades con cochadas. Divertídevos antes de que vos acubillen co "xenoma humano", antes de que clonen a túa "Sabeliña" e non sepas nin cando, nin a quen querer.

Non é doado dar consellos, nin facer rir á xente farta e limpa, abrigada por respecto a escoitar en silencio o que vén a ben falar de vós. Veño a Santa Isabel a ser un máis a ver un país en paz. que aínda que festexa 00 pretexto de patronear a esta Santa, estes xa non son aqueles tempos, nin aquelas procesións, pero eu que teño pinta de cura arrepentido, só teño ganas de dicir coma naS vodas: ¡que se besen, que se besen, que se besen!, e que cambien de parella e que deixen a cancela do horto aberta, para que llsanse leven as leitugas e 08 sanos tirabeques.

Señores, barra libre e liberdade, amontóense, bíquense e se teñen posibles e xuventude procreen, para que non quede a "Santiña"' sen fregueses, nin o campo da festa sen nenos correndo atropelados detrás das varillas dos foguetes, haber se despois de cincuenta anos puído volver outra vez e me invitan vostedes a le-lo pregón, clonado, pera os seus netos. Polo menos hoxe oficia de desfrutador, empéñense, vistan a gala, ou póñanse de vir ás catro patas, que esta Santa sabe que non ten e nós a pesar das nosas trangalladas sabemos quen nos goberna.

Veciños, amigos e estranxeiros todos, desde hoxe eu Son un pouquiño da República Libre de San Sadurniño. Que carallo, divírtanse. ¡Viva San Sadurniño, viva San Fermín e Santa Isabel!.¡Viva San Sadurniño!.

Paco Pestana






Irmandiños
AUTOESCOLA
Telf. 981 49 05 25 • San Sadurniño

Hostal - Restaurante
Delfino
Telf. 981 40 41 65 - Moeche

Mariscos RIOBO
Mariscos RIOBO
Avda. Marqués de Figueroa, 40 • 15500 FENE
Telf.: 981 34 33 06 - Fax: 981 34 32 31 • Móvil: 669 47 26 49

Cafetería Xala
Avda. Naturales, 9-11 (Edif. Arcos) • FENE • 981 34 17 47
Casluz - Pub
Avda. Tarríos • Telf. 981 34 16 00 • FENE

Especialidad en Cocido Gallego
Casa Ermitas
Ultramarinos • Vinos y Comidas
Lamas • San Saturniño • Telf. 981 49 01 57

MADEIRAS XUVIA s.l.
barnizados
corte de tableiros
molduras
cociñas
portas
armarios empotrados
escaleiras
restauracións
Camiño do Empedrón, S/N · 15510 NEDA • ☎ 981 39 16 76
C/Santa Bárbara, 13 · 15864 ARES • ☎ 981 46 84 29

# Desenrolo da parroquia de Santa María de Narahío.

A partir do ano 1.969 fomos levando a termo as obras seguintes:

1--Dende o ano 69 a o 74 fóronse abrindo un montón de pistas( 32 kilometros), para que puidera chegar un coche a toda-las casas, nesta parroquia tan accidentada.

2-- No ano 70 cómprase os térrenos para facer o campo de fútbol e festas. Despois de moita loita para poder conseguilo. E despois no ano 73 cando logramos comprar mais térrenos. e ampliar o largo e ancho. Na temporada 73--74 e cando o equipo de fútbol xogara primeira temporada como federado.

3-- E tamén neste ano 73 cando se crea a Asociación de Veciños de Narahío (AA. de VV. 0 Castelo de Narahío). Todo foi nacendo no despacho parroquial. Outro local non había.

4-- Nos anos 72 e 73 metémonos a obra de amaño da igrexa parroquial, xa que se viña a baixo a cobertura.

5-- Desde o ano 69 ó 78, luchamos contra vento e marea para conseguir un reemisor de televisión, para que se puidera ver a televisión no fondo de Narahío. Digo contra vento e marea porque o concelleiro, que entón había na parroquia, era contrario a todo aquelo que puidera partir do Cura, polo que tiven que ir catro viaxes a Madrid para solucionar todos os trámites.

6- No ano 71 acórdase fundar a Cooperativa de Productores do Campo. Onde me encargo detramitar e solucionar papeis.

7-- E logo no ano 73 cando se acorda crear a Sección de Crédito (entonces Caixa Rural), que parte de cero. E a que atendo solo, durante 18 anos (e non por non pedir axuda).

8-- No 73 acórdase facer un iluminado para o campo da festa e fútbol. E, si en todos os momentos con funcionou a satisfacción, non e por culpa da instalación senón por ser insuficiente a tensión eléctrica.

9- Faise o amaño da Casa Rectoral, durante os anos 77, 78 e 79 de onde se gastan algo mais de catro millóns de pesetas (de entonces).

10- Desde o ano 68 o 91, dura loita, secular, para facer novo Cementerio para todos; xa que no antigo, soamente estaba servido o 26 por cen das familias da parroquia, e algunhas de estas nonlles interesaba que o 74 estiveran sen servirse, anque se lles chegou a ofrecer un nicho gratis.

11- No ano 93 proponse a parroquia poñer un reloxo parroquial. Unha maioría están de acordo e axudan a pagalo. E unha minoría (non e que non lles gustara) pero por non axudar a pagar, tiran a tras e buscan discordias, como en tantas outra cousas.

12- Nos anos 95 e 96 arregoase a capela de Santa Mariña de Fraguela. E unha comisión de veciños de esta zona, quen se encarga de levar a administración da obra e o control da mesma. A quen temos que eloxiar o seo entusiasmo.

13- Xa no ano 2.000 píntase o exterior da igrexa, póñense novos ventanales e nova madeira os cepos das campás etc., con un gasto superior as 773,000 pesetas. Moitas persoas colaboraron para reducir esta débeda, ós que estamos agradecidos. Outros dixeron que tamén tiñan que pintar a súa casa e, cousas polo estilo. Ou sexa excluínte Cristiá que se excluínte súan da Comunidade Cristiá (Pois alá a súa conciencia).

14- E no 2.001 logramos poñer iluminado público na pista de acceso o novo cementerio e no aparcamento.

15- Ademais de todas estas obras socias e outras que non nomeamos, temos que mentar tamén obras particulares: como algo mais de medio cento de casas novas que se fixeron nestes últimos anos. Renováronse Outras, fanse traídas de auga, e citaríamos por fin o novo tendido eléctrico, as luces públicas etc. Claro que, si nas obras socias houbera mais responsabilidade, mais personalidade, e menos egoísmo e menos ignorancia maliciosa todo este desenrolo se realizaría de unha maneira mais perfecta, se podrian facer moitas outras obrasen unión de todos e non me quedarían a min o montón de pufos, como promotor de obras.

En Narahío, a 25 de Maio de 2.001.
Xosé María Ladra López



**Talleres Atilano**

Chapa • Pintura

A Toeleira, nº 4 • Xuvia - Neda

Telf.: 981 38 55 58

ASESORIA

**TRASANCOS**

*GRADUADOS SOCIAIS*

*FISCAL, LABORAL E S. SOCIAL*

Estr. Castela, 118 Entr. - Narón
Tfn.: 981 38 20 28
Fax: 981 39 12 89

**Lg. Outeiro, s/n - San Saturniño**
Tfn.: 981 49 02 32
Fax: 981 40 02 32

**CENTRO ÓPTICO NARÓN**

**Graduación de la vista • Lentes de Contacto • Audiometrías y Audífonos**

Estrada de Castela, 119 • 15407 NARÓN • Telf. 981 39 07 84

**ESTACIÓN DE SERVICIO**

*Castro Millarengo, S.L.*

ABIERTO LAS 24 HORAS

Cruz del Pouso, s/n • 15510 NEDA (La Coruña)
**Tlf./Fax. 981 34 75 68 • Tlf. 981 34 71 71**

**Mesón Ourra**

Avda. do Xuvia, 29 - NEDA • Telf. 981 380 937

**Frutería - Pescadería**

*Celina*

Xuvia - NEDA • Telf. 981 38 16 67

# Todo en San Sadurniño son recuerdos

Existe un buen número de personas que vivimos algunas veces de los recuerdos de acontecimientos acaecidos y desarrollados en el pueblo en donde hemos nacido. Recuerdos basados en las vivencias que ocurrieron durante las primeras etapas de nuestra existencia. Probablemente como una consecuencia, no la única, de que fue en ese entorno en donde iniciamos las primeras experiencias y, en general, los primeros escarceos a todos los niveles de la vida. Experiencias que, queramos o no, marcaron una impronta en los años posteriores y han contribuido a formar nuestro carácter y nuestra personalidad. De esto que estoy comentando como inicio de estas reflexiones, son conscientes, entre otras, aquellas personas que se han ido por alguna razón del pueblo que los vio nacer y desarrollar su adolescencia, y que han regresado al mismo, aunque fuese de visita transitoria, pasados vanos anos.

Es posible que, quienes hayan permanecido gran parte de su vida en un mismo entorno socio-cultural o con alteraciones en el mismo apenas detectables, no se paren a pensar, quizás por la rutina diaria, si las condiciones vitales de su pueblo han cambiado con el paso del tiempo, si la vida en el mismo es más o menos acogedora que lo fue antaño o si sus hijos van a disfrutar de unas condiciones de bienestar parecidas a las que han tenido sus predecesores. Por múltiples razones que quizás en otra ocasión me decida a comentar, esta cuestión, que es muy importante reflexionarla siempre, lo es muy especialmente en San Sadurniño. Cualquier persona que haya querido pararse a pensar, sea cual sea su condición, su nivel cultural o su carácter más o menos arraigado en la otrora "*Villa de la tranquilidad*", puede llegar a la(s) mismas o parecidas conclusiones que he llegado yo. Todo consiste en plasmar en un papel lo que uno observa en una visita después de un período prolongado de tiempo sin hacerlo y lo que uno puede deducir de alguna conversación aislada con algún vecino que se preste.

Es probable que, muchas de las deducciones y comentarios que observe el lector en estas reflexiones no sean ni más ni menos que el reflejo del carácter eminentemente rural de San Sadurniño. Es decir, si hay alguna razón que hace que en ciertos aspectos nos comportemos los aldeanos gallegos de una manera diferente a otros ciudadanos rurales de España es la idiosincrasia que trae consigo la vida en un núcleo rural de Galicia y lo pueden atestiguar quíenes hayan vivido la primera fase de su juventud íntegramente en San Sadurniño, y han ido desligándose de su pueblo muy gradualmente para vivir en la ciudad.

Mi primer contacto con San Sadurniño, después de un período de tiempo sin visitar el lugar de mi infancia, fue en el año 1998 con motivo de las fiestas patronales de Santa Isabel. Yo puedo decir muchas cosas bonitas de esta festividad. Algunas que afectan al pueblo en su conjunto y otras a mí y a la familia en donde yo estaba integrado. Sin embargo, no dejó de sorprenderme cuando observé "a plaza" el mediodía del dos de julio, que aún existen personas que se quedan admiradas por la "foguetería", vecinos que todavía tienen los mismos ademanes y la misma jerga parlante al dirigirse a ti que en años atrás. Y, lo que a mí más me sorprendió, todavía existen una serie de personas para los que desgraciadamente el tiempo no ha pasado, no los ha modelado y por tanto, están inmersos en una especie de coraza de la que no quieren salir aunque han tenido alguna oportunidad para ello. Sería interesante estudiar con detenimiento el porqué de esta conducta. Sociológicamente, estos vecinos son la imagen palmaria de nuestro entrañable lugar de nacimiento. Es probable que estos individuos tengan que existir en este y otros lugares similares de nuestra geografía gallega.

Recuerdo que en la década de los años cincuenta y sesenta había muchas familias que traían a amigos o incluso familiares más o menos alejados a veranear a nuestra villa. Ese comportamiento social era el exponente y reflejo de aquella época y asimismo concomitante con el doble tipo de ciudadanía imperante en el pueblo. Es decir, las familias con una incuestionable capacidad de decisión se rodeaban de una serie de individuos que ejercían una ayuda, no siempre compartida por una parte del vecindario, e incrementaban la indudable diferenciación ciudadana. Lo que actualmente en algunas aldeas rurales gallegas se define como la facción de los "estudiados" y los "no estudiados". Aunque estas expresiones no siempre vayan relacionadas con el nivel cultural, sino con la procedencia "urbanícola" del visitante. Hoy en día todavía quedan reductos de este pseudo-balnearismo que tuvo San Sadurniño. Sin embargo, muchos de aquellos invitantes al veraneo tuvieron que rendirse a la evidencia de que pasados muy pocos años, los hijos y nietos de los "no estudiados" también fueron capaces de desempeñar, por sus propios méritos, papeles notables en sociedades foráneas, o incluso en la local, inimaginables en el entorno palaciego de aquel entonces. Esto último que acabo de decir es una clara demostración de que una sociedad, por muy rural que sea, no es un ente aletargado, sino que llegó relativamente fácil a la conclusión y sobretodo, a la convicción, de que la democracia, aún siendo la dictadura de la mayoría, es la mejor forma de convivir y expresarse.

¿Quieren ustedes que hablemos del cine de San Sadurniño y de su impacto en unos chicos que veíamos en él todo nuestro único y posible divertimento?. Pues hablemos y recordemos. El recuerdo de la frase de mi abuelo "*apura rapaz que xa pasaron a música do cine para dentro*" todavía tintineó en mis sienes cuando recorrí recientemente el camino que hacíamos mi abuelo y yo casi todos los domingos por los atajos cercanos al regadío "el palomar". Esta era la señal inequívoca de que el NO-DO y la película programada iban a empezar. El cine y su entorno; es decir, la sala de proyecciones dividida en "abajo" y "arriba", el bar con sus dos ventanillas a través de las que se intuía y oía el "otro ambiente", la mínima taquilla, la persona que recogía las entradas y el acomodador con su linterna cuadrada, el asiento en la séptima fila de la banda izquierda de la sala, el descanso y los paquetes de galletas de una peseta, los cortes en las cintas, la habitual incertidumbre de si

"llegaba la cinta en la rubia de Rañal" procedente de La Coruña, la entrada por sorpresa de los " dueños " en las películas no aptas para menores, las sesiones de teatro la noche anterior a la venida de los Reyes Magos y la subsiguiente actuación de un coro de chícos y chicas de San Sadurniño todos ellos dirigidos por el cura párroco engalanado con una larga capa negra. Todo esto y mucho más, son pasajes y detalles para mí imborrables. Hace pocos días todavía visité el cine... Los amantes del séptimo arte habrán visto la película "Cinema paradiso"; una película impresionante a la vez que enternecedora, cuya acción bien podría haberse desarrollado en nuestro pueblo y su protagonista ser quien les escribe.

Me he referido al bar anejo al cine, No nos olvidemos que el bar fue toda una simbología para el San Sadurniño de los referidos años cincuenta y sesenta. En él ocurrían multitud de cosas y casos; desde ser el primer lugar público en donde se instaló la televisión en el pueblo, hasta el lugar en donde algunos nos reuníamos de vez en cuando para jugar con un futbolín vetusto una vez acabada "la escuela". Aquí y ahora me vienen a la mente las sesiones de radio en el extremo de la barra del bar que tres o cuatro vecinos realizaban los domingos para oír el "Carrusel Deportivo" dentro del enorme bullicio creado por el tintineo de las fichas del dominó, las conversaciones propias de un bar en un día de domingo y del humo de los grandes fumadores. El "acto" televisivo celebrado en el bar con motivo de la solicitud del "maestro" para ver a Juan XXIII (primera vez que unos pocos habíamos visto la televisión) es para mí un hecho imborrable. Por cierto, para poder ver la televisión en el San Sadurniño de aquel entonces era preciso suplicar al dueño del bar para que accediese a poner Bonanza o Rin tin-tin; había, no obstante algunos niños que de vez en cuando teníamos la enorme Suerte de que un vecino nos introducía en la parte posterior de la tienda para cedernos un rato de su intimidad familiar y que disfrutásemos de Herta Frankel y su perrita Marilín. Todo un "peregrinar" por el pueblo para poder ver el todavía no contaminante medio audiovisual.

¿Quieren ustedes que hablemos de contaminación? .Solamente escribiré unas pequeñas pinceladas. Empezaré diciendo que cuando era niño y no tan niño, me gustaba dar paseos por lugares de la parroquia con mis padres y con mi abuelo, gran conocedor del entorno del palacio de la marquesa. Asimismo, yo era un asiduo a los partidos del Sansa celebrados próximos al río en un campo de fútbol inmerso en un entorno forestal impresionante. Recuerdo un enorme paseo que hice con mi abuelo desde nuestra casa hasta la fraga. Yo era todavía un niño pero ya me dí cuenta de la gran cantidad de vegetación allí existente, de lo limpio que estaba el río y lo frondoso y cuidado que estaban sus márgenes. El paseo hasta la presa de Mera y hasta la presa de "Ramón do muiño", dos lugares de baño muy frecuentado por nosotros, eran un claro ejemplo de cómo se debe de mantener la Naturaleza. Por cierto, hablando de molinos, ¿cuántos tenía la parroquia de San Sadurniño? Hace unos cuantos años se me pidió la redacción de un informe medio-ambiental que hiciese alusión al entorno lindante con el llamado "pinar llano". Lo hice con sumo gusto. No sé en que cajón de la administración estará pero las últimas líneas decían algo así como: "Quiero, por último, recomendar a todas las personas que les preocupa el impacto medio-ambiental y en particular a las autoridades implicadas, que sigan muy de cerca el proceso de industrialización. ...". Ahora, diez años después de la redacción de mi informe, cada cual que saque las consecuencias que crea pertinentes.

Verdaderamente, todo en San Sadurniño son para mí, recuerdos.

Felipe Matilla
É Decano da Facultade de Bioloxía
na Universidade de Santiago de Compostela

PESCADERIA NARON
• Pescados • Mariscos • Congelados •
Est. Castela, 859 • Jubia (NARÓN)
☎ 981 392 155 • Móvil: 617 391 583

Bar Pueblo
Hamburguesería
Mosteiro, nº 1 - Pedroso (Narón)
☎ 981 36 85 81

Cafetería ZAHARA
Guillermo Rey Fdez.
C/.Pardo Bajo, 28 - FERROL
Tfno: 981 35 37 18

Riomiño, s.l.
Aluminios
RIOMIÑO, S.L.
Ctra. Catabois, 230 bj. • 15405 FERROL
Telf. 981 32 76 33

# Forgoselo : Espacio natural do noso Concello

Forgoselo. O nome refírese ao monte que de maneira histórica veñen utilizando os veciños dun numeroso grupo de parroquias pertencentes aos concellos de san sadurniño, somozas, as pontes e capela.

O nome tamén fai referencia a unha formación xeolóxica moi especifica, un macizo granítico, de extensión moito mais considerable que a meramente ocupada por o monte de uso veciñal. Polo seu interese como area natural, polos seus valores, merece estar entre os lugares de galicia que contan cunha protección especial.

Son moitos os valores do macizo do forgoselo que o fan atractivo desde o punto de vista do seu uso publico. Por unha banda os seus espacios abertos e desabitaos, cos seus cambios estacionais e a sensación intensa de soidade, xeneran unha paisaxe atractiva e capaz de producir sensación espiritual de equilibrio, por outra banda. A vexetación, cando aparecen os piñeirais, oo se descobren as fragas encaixonadas nas cabeceiras dos riós.

Calquera ascenso abre amplas perspectivas. Asómesmo, destacan o gando no monte, as aldeas, as posibilidades de ver fauna, o potencial educativo. Todas estas posibilidades deben ser aproveitadas de maneira que se lles saque o máximo proveito, garantindo a pervivencia dos valores sen deterioralos, e a ser posíbel, mellorándoos.



Unha primeira posibilidade indiscutíbel e a do sendeirismo. As amplas superficies do monte, a tranquilidade, as espléndidas vistas, unidas a facilidade de camiñar por entre unha vexetación que o gando e a xestión mantén na maioría dos lugares en dimensións reducidas, facilitan as camiñatas e os paseos gratificantes.

Tamén ofrece unhas grandes posibilidades potenciais polas características do terreo, para as excursións a cabalo, para aproveitamento de uns emprazamentos de gran beleza natural, e certamente atractiva. No forgoselo todo, incluída a natureza, e cultura, o vo nervioso das a ves en días de frío e xeada intenso, o gando refuxiado a sombra das arbores e penedos nos días de calor duro do verán, as rapinas cincentas elevándose

No ceo, os cabalos e as lebres correndo, as flores de colores, e os riós. Debemos aproveitar de este entorno natural do noso concello e que a poboación se sinta orgullosa del, do seu patrimonio, e sexa a primeira interesada na súa conservación.

Jose Romero Ledo
Concellal de San Sadurniño.

**desguaces ledo**
automóviles y maquinaria agrícola
**981 490 524 • 617 414 356**
Iglesiafeita, s/n • 15580 San Sadurniño



Leandro

Telf. / Fax: 981 37 24 47
talleres
**MANTENI-AUTO**
mecánica del automóvil

Polígono de La Gándara, Parc. 144, 3 - A
NARON
Enfrente de la I.T.V.

Joyería Narón
Joyería, Relojería y Artículos de Regalo
C/ del Pino, 1 - Freixeiro • 15407 Narón • Telf. 981 39 03 29



**MOTOS**
**NAVEIRA**
• Reparación en General
• Venta de bicicletas y motos

Telf.: 981 362 582
Móvil: 636 957 800
DOSO - BRAÑA - NARÓN

**Auto Escuela**
**"Fene"**
Plz. Constitución, 7 - FENE
Tlf./Fax: 981 34 01 48
Pardo Bajo, 8 - FERROL
Tlf./Fax: 981 35 02 79



**Panadería**
**Inxerto, S.C.**
**Empanadas de Pan do País**
MONTE - SAN SADURNIÑO
Telf.: 981 490 287 - 981 49 11 14

# San Saduniño.

## Problemas do arciprestazgo de Trasancos no S. XII. As loitas polo poder entre os anos 1100 e 1125

Comeza o S. XII coa elección dun novo bispo na sé de Compostela. Trátase de Xelmírez, elixido en xullo do 1100 aínda que a súa consagración non foi ata abril do 1101. Diego Xelmírez desexa engrandece-la súa sé. Escribe ò papa lembrándolle que o bispo de Mondoñedo obtivera os arciprestazgos de Besoucos, Trasancos e Seaya en calidade de préstamo feito polos seus antecesores na anterior e primitiva sé, a de Iria Flavia.

Inicia Xelmírez o seu período de bispo xa cunha enorme ansia de poder e expansión e por iso reclama os devanditos arciprestazgos. Non fixo caso o bispo de Mondoñedo de xeito que Xelmírez levou a súa protesta ó concilio de Carrión, celebrado no 1102 convocado por Bernardo que era o arcebispo de Toledo e o legado do papa. Gonzalo, bispo de Mondoñedo e irmán do chamado cónsul e conde Pedro Froilaz de Trava, non asistiu ó concilio e Bernardo mandoulle unha carta datada en 4 de febreiro de 1103, na que entre outras cousas dille que a igrexa de Santiago expuxera alí unha grave queixa: que estaba usurpando pola forza aqueles arciprestazgos e polo tanto ordénalle que os devolva.

Non parece que esa tal propiedade da sé iriense estivera documentada. O certo é que Gonzalo non obedeceu e Xelmírez mandou dous emisarios a Roma. Novamente escribiu o papa Pascual informando ó bispo mindoniense de que está retendo inxustamente eses territorios ignorando a sentencia de Bernardo no concilio de Carrión. Mándalle que acepte a sentencia ou que se presente diante de Bernardo para argumentar. Engade que- caso de non ir- él confirma a sentencia de Bernardo a prol de Santiago.

Gonzalo enviou a Roma ós clérigos Nuño e Gonzalo, que retornaron cunha carta do papa para Xelmírez. Nesa carta Pascual informa que, segundo a igrexa mindoniense, as terras do litixio foran posuídas por 40 anos pola sé valdibriense de Mondoñedo dende que se lles arrincaran ós sarracenos. Engade que, de ser certo, deixe eses arciprestazgos a Mondoñedo restituíndolle os impostos que leva recollidos nos anos da súa posesión. Dille tamén que, se non acepta, leve a súa reclamación a Roma. Así o fai Xelmirez. Reclama de novo e Pascual II dictamina que 5 persoas das máis vellas da igrexa mindoniense vaian a Astorga, onde estará o bispo de Burgos diante do cal xurarán que posuíron os ditos arciprestazgos durante 40 anos. Chegan pero teñen que seguir ata Castrojeriz, onde estaba o bispo de Burgos. Namentres, outros bispos galegos declaran que Bezoucos, Trasancos e Seaya pertencen á igrexa compostelá, aínda que ésta os puxera por un tempo baixo a custodia do bispo de Mondoñedo.

Bernardo convocou un concilio en León, onde unha comisión de bispos decidíu quitar esas xurisdiccións a Mondoñedo, que quedaban provisoriamente baixo a administración de Ourense.

A Historia Compostelana no cap XXXV do libro I, o da resolución do asunto, fala da carta que escribe o papa dicindo que as cousas se dilataron por tanto tempo que o clero e o pobo da diócese lembraron que estas xurisdiccións pertenceran ó xuro de Compostela e que espontaneamente ( esta espontaneidade non parece crible) viñeron diante do bispo Xelmírez e confesaron que se trabucaran e prometeron obediencia. Esta promesa recóllese por escrito. Promete don Nuño de Trava que era o abade de S. Martiño de Xubia e irmán de D. Pedro. Prometen monxes, abades, clérigos e laicos. O texto di que os veciños das parroquias de Bezoucos, Trasancos, Labacengos e Arros confésanlle a Diego Xelmírez que estiveran sometidos á diócese de Iria e que agora, por propia vontade, se someten e prometen obediencia.

Entre os personaxes distinguidos que confirman isto están: Pedro Froilaz de Trava e a súa muller dona Maior. Nuño Froilaz ( o abade de San Martiño). Outra irmá chamada Munia e outra muller chamada Munica, monxa, que tamén é da familia e que non se sabe se é a mesma que esa referida Munia. Despois da confirmación dos nobres aparece a das outras persoas, e entre elas están García, o presbí-

tero de S.Julian de Lamas e Ordonio, que era o da parroquia de S. Sadurniño.

O autor destes capítulos da Hª Compostelana é un coengo da catedral de Compostela, que co tempo se convertiu en bispo de Mondoñedo e pasou a reivindicar de novo estes arciprestazgos para a súa sé.

Non cabe a máis mínima dúbida de que os Trava eran unha familia poderosísima que controlaba os postos máis importantes da igrexa mindoniense ou valdibriense e tamén posuía moitas terras. Pénsese que o pai deste conde e do abade de San Martiño- Don Froilán Bermúdez- fora un gran protector do mosteiro, e gran devoto de San Martiño. Don Nuño era o abade. O mosteiro era dúplice e alí estaba tamén dona Munia ou Munica -unha irmá- que era monxa e que despois da prohibición dos mosteiros dúplices marchou para Piadela. Dona Munia pode se-la mesma que dona Munica e de ser así estivo casada e tivo fillos. Morreron os fillos e o home e daquela fíxose monxa. Deu moitos bens ó mosteiro do Couto e fundou o mosteiro de San Salvador de Pedroso. Moitas desas donacións están no circundo máis próximo: en Anca, Neda, S. Mamede de Atios de Valdoviño, Pazos de Lago, Santiago de Marbela (Marnela de Pantín), a igrexa de S. Xiao de Lamas, a metade da súa vila de Ferrol e a vila de Canido, entre outras moitas. Outro irmán era Gonzalo, bispo de Mondoñedo entre 1071 e 1108

No 1107 morrera o conde Raimundo de Borgoña, casado con Urraca a filla de Afonso VI. O fillo deste matrimonio era un neno: Afonso Raimundez, que queda por desexo do seu avó como señor de Galicia. Cando Urraca casa -no 1708- co rei de Aragón, Afonso I, toda Galicia entra en convulsión.

Pedro Froilaz será o aio e protector do fillo habido naquel 1º matrimonio da raíña Urraca. Tamén Xelmírez será o seu protector. O 29 de xuño do 1109 morreu Afonso VI. Era preciso defender ó herdeiro contra a ambición do rei de Aragón.

As ansias de Afonso I de controlar Galicia, a ambición de Xelmírez, a envexa que outros nobres tiñan da posición do de Trava e as alteracións nas relacións con Urraca enchen este período de batallas, revoltas, cambios de bando ... ata o extremo de que de cote Urraca pasaba a ser amiga ou enimiga do seu fillo. Para a protección do neno parece que o vello rei Afonso VI dera orde de que se lle fixera xuramento de fidelidade, o que ten lugar en León en decembro de 1107 en datos da HªCompostelana. A cerimonia seguinte sería a da coroación en Santiago. Celebrouse estando o futuro rei entre Pedro Froilaz e o seu fillo que sostivo como alférez a espada, o escudo e a lanza do herdeiro. Verdadeiramente os pasos foron, seguindo a Cal Pardo, unha inicial proclamación como rei no 1109, logo foi coroado en Santiago no 1111 e proclamado rei de Galicia no 1117.



En moitas ocasións a raíña ou o seu fillo foron salvados por Xelmírez ou polo de Trava. Daquela os agradecementos daban lugar a facerse donacións de terras e de igrexas entre eles.

Cal Pardo dá como data máis probable da fundación do mosteiro de S. Salvador de Pedroso o

ano 1111, inmediatamente antes de que no 1112 Munio ou Nuño Afonso, coengo e tesoureiro da igrexa de Santiago e escritor da 1ª parte da Hª Compostelana, fora elixido bispo de Mondoñedo. Ó ser bispo volverá a facer reclamacións sobre dos arciprestazgos.

O libro III da Compostelana recolle- ó ocuparse da morte de D. Pedro de Trava- que os condes eran parroquianos de Mondoñedo e que se confesaban co seu bispo e lle ofrecían esmolas e bens. Asegura que isto ía contra os cánones porque realmente pertencían a Santiago. Xelmírez convenceunos de que se fixeran parroquianos seus. O caso é que a situación dos Trava con respecto ós arciprestazgos era moi curiosa. Por unha banda a súa familia era importante na igrexa mindoniense a as súas propiedades eran moitas. Por outra banda había momentos de colaborar con Xelmirez e a importancia da sé compostelana era moito meirande que a de Mondoñedo.

Nese ano 1112 a raíña Urraca deu a igrexa de San Sadurniño e os seus coutos e herdades ós condes de Trava en consideración ós servizos feitos ó seu fillo e telo criado e mantido "En la tierra de Trasancos, San Saturnino, que está en Ripagavia, con su coto, sus heredades y sus hombres e iglesias, con todo cuanto a ela pertenecía "

No 1113 o conde Don Pedro cede á igrexa de Santiago varias propiedades e entre elas as igrexas de San Sadurniño e de Santiago Abade ( debe se-la de Silvalonga)

Urraca tras un periodo de enfrentamento co seu fillo, amístase de novo con el, no 1116, e ratifícanse nai e fillo no bo entendemento a finais da primavera de 1117.

O bispo Xelmírez decidiu amaña-lo asunto dos arciprestazgos e chamou ó bispo mindoniense. Xuntos acordaron repartilos, de xeito que Bezoucos e Seaya foran para Compostela e a sé mindoniene quedara cos de Trasancos, Labacengos e Arros. Ese convenio foi asinado o 22 de agosto do 1122. Non volveu a haber ningún problema e poriso Trasancos segue a pertencer a Mondoñedo e a ría de Ferrol é divisoria das dúas sés.



Munia Froilaz consegue no 1120 que Urraca e seu fillo lle poñan couto ó mosteiro de S. Salvador de Pedroso prohibíndolle a entrada a calquera outra autoridade que non sexa a dos propios priores do mosteiro

No ano 1125 o de Trava deu a igrexa de S. Pelayo de Ferreira ó convento de San Martiño do Couto.

No ano 1126 morreu dona Urraca, pero o seu fillo Afonso VII ampliou os lindeiros do couto do mosteiro de Pedroso incluíndo dentro del a igrexa de San Estebo de Sedes, San Lourenzo de Doso, San Vicente de Placente e as terras que comprenden estas fregresías e parte de Sta Mariña do Monte

En 25 de marzo de 1126 os condes de Trava fan donación a Sta María e San Salvador de Pedroso " ...a los que moran en congregación en ese lugar...de la iglesia de San Saturnino de Trasancos, sita a orilla del río Jubia, con cuanto a ella pertenece o debe pertenecer y de acuerdo con la donación que de tal iglesia les hiciera la reina doña Urraca"

# Tenencia responsable de animales

*Durante el pasado año en España, fueron abandonados unos 95.000 perros y cerca de 100.000 gatos. Estas cifras hablan por sí solas de las dimensiones de un problema que preocupa a muchas instituciones, tanto públicas como privadas. Con este artículo pretendemos hacer un llamamiento a la reflexión dirigida no sólo a los propietarios de perros, sino también al conjunto de la sociedad.*

*La adopción o adquisición de un animal conlleva cierta responsabilidad. Llevarse a casa una mascota supone, ante todo, tener conciencia de su sensibilidad y dignidad como ser vivo. Ocurre con frecuencia que el futuro propietario sólo contempla las ventajas que le va a reportar la compañía de la mascota sin detenerse a pensar en sus necesidades. Es bien sabido que un perro educado, sociable, difícilmente puede llegar a ser peligroso. Muchos problemas de comportamiento son consecuencia de errores en la cría y en la socialización de los cachorros. No basta con buscarles un hogar, el criar animales es tarea de especialistas.*

*Es necesario un control sobre la procedencia de los animales y las posibles enfermedades de transmisión genéticas, principalmente en el caso de los perros de raza para la tramitación del pedigree.*

*El abandono de un animal es una decisión cobarde, además es un delito que está tipificado como maltrato en el nuevo código penal así como en las leyes autonómicas de protección animal. La identificación animal es el medio que nos va a facilitar la búsqueda en caso de hurto, extravío o abandono. La legislación europea admite 2 tipos de identificación para los animales de compañía: tatuaje y microchip. Consideramos que la utilización del microchip se nos presenta como la forma más cómoda, por ser indolora para nuestra mascota, personal, difícil de ser sometido a la falsificación y por contar con una base de control de datos en creación seria y activa.*

*Todo esto nos lleva hacia la idea propuesta desde diferentes colectivos veterinarios de que la tenencia responsable de una mascota implica el respeto de los derechos de los demás ciudadanos.*

*Ferrol, 5 de junio de 2001*



Clínica Veterinaria del CANTON
C/ Carmen, nº 2
☎ 981 35 11 44
15403 FERROL

# Querido amigo:

No es mi intención estropearte las vacaciones que tanto anhelaste, como buen amigo creo que es mi deber comunicarte que las cosas por aquí, no andan muy bien, mientras disfrutas del sol y la playa. Supongo conocerás el dicho "el que fue a Sevilla perdió su silla" con ello te quiero explicar que tu mujer durante tu ausencia se lió con su masajista y en una tarde calurosa y fogosa se fueron a revolcar al pajar.

Después de muchos revolcones se fumaron un cigarrillo, " cuestión de relajarse", y en un descuido amoroso prendieron fuego al pajar, las cuadras, la casa, los coches, todo quedo calcinado. Por supuesto, vinieron los bomberos pero poco pudieron hacer, el viento y las llamas pudieron más. Eso no es todo no estando contenta con quemarte tu casa y lo demás, al día siguiente tu mujer se fue al banco y vacío tu cuenta y con ella voló en dirección desconocida. Mi problema es que tu perro, que se salvo de milagro no quiere dejar el lugar, ¿qué hago con él? Si pudieras venir lo antes posible, me sacarías un gran peso de encima, y a que me tengo que ir a la fiesta de santa Isabel. Sin mas, tu leal amigo

Santi.



# De Festas e Poetas

Din algúns antropólogos que as festas constitúen un modo colectivo de expresión e autocoñecemento, tal vez o máis sincero, un ritual común a todas as sociedades e civilizacións onde se amosa a face verdadeira do home, afastado do seu quefacer cotiá, unha perfecta volta á neneza, sempre necesaria e tinguida de motivacións relixiosas ou máxicas como nobres pretextos.

De ser isto certo, todas as civilizacións, mesmo as esquecidas ou, sinxelamente, descoñecidas por os especialistas (pero espellos tamén da natureza humana), considerarían a festa como a cerimonia clave do desenmascaramento, do triunfo dionisiaco fronte a realidade anguriante da monotonía.

Noutras palabras, diríase que a festa popular, a cultura popular en xeral, e o espacio atemporal onde toda transgresión, ou esquecemento dos convencionalismos, é permitida -agás, lóxicamente, do que atente contra a convivencia social-, canto menos en teoría.

Malia que as nosas tradicións e o peso secular dunha mentalidade aínda relevante hoxe, determinada pola pegada dos ciclos agrícolas e o calendario litúrxico no ritmo vital da comunidade, identifiquen esencialmente a cultura lúdica ou festiva coa cultura gastronómica, relegando a un plano secundario outras dimensións tamén importantes (neste sentido, non se perda de vista a apocalíptica análise das acepcións vulgares da cultura popular realizada por L. Goytisolo, dende o plano purista da tribo intelectual, nun artigo publicado nas páxinas de opinión do xornal El País, 28-4-2001), malia que outros (os de enfronte) afirmen exactamente o contrario, dende estas liñas hanse pechar ollos e oídos a profecías e discursos solemnes, e sen querer tomar parte en polémicas moi de seu dos cenáculos milenaristas, vaise apostar por vivir as festas como unha metamorfose cara á neneza, sen máis lindes cós marcados polo sentido común.



Eu, de poder facelo en realidade, querería disfrazarme de poeta para dese xeito tentar achegarme a San Sadurniño, tan sequera mentalmente; porque só os poetas son quen de viaxar onde quixer aínda sen moverse da casa, e dicir, de saber estar sen a codia ás veces amolante do corpo, da presencia física, de mandar o espírito de visita valéndose do don da ubicuidade, tan necesario en moitos casos.

Esgotadas agora as palabras, que non sei se Vos han dicir o pretendido polo autor das mesmas, só falta por dicir: Benvidas as festas de Santa Isabel (canto menos, que non vos chova).

Xosé Galán Ortega

(aprendiz de poeta).



Derribo das Escolas vellas


Cuartel vello

CONSTRUCCIONES
CERNADAS, S.L.

C/. Ponteroda, 52
Vimianzo (A Coruña)
Telfs. móviles: 679 17 42 34/35/36
Telfs. 981 71 62 61/54



# Festas de Sta. Isabel



# Xantar Popular ano 2000

Todo en castaño e carballo
Tratamento para madeiras en autoclave

MADERAS LAMAS S.L.

Forxás - Narón • ☎ 981 39 18 19 • Móvil: 608 58 14 89



Maderas y Transportes
Pena

Neda • ☎ 981 38 09 72
S. Sadurniño • ☎ 981 49 12 29

Transportes J. L. Rico
S. Sadurniño • ☎ 981 49 03 26 • Móvil 608 92 56 24

# Festas de Sta. Isabel



## Xantar Popular ano 2000





# Breve historia da Igrexa da nosa Parroquia

Atendendo á petición de facer unha aportación a este revista, pensei que sería de interés falar algo sobre a historia do Convento de San Sadurniño.

Xa no mesmo solar onde se atopa esta edificación houbo anteriormente, na Idade Media, unha igrexa e un hospital da Orde dos Cabaleiros Templarios, baixo a advocación de Santa Eulalia e San Juan Jerosolimitano. Estas construccións foron derruidas e o cabaleiro D. Fernando de Andrade mandou construir en 1508 outra igrexa sobre ese solar, que levou o título de Nosa Señora de San Sadurniño, sendo colexiata, xa que contaba con cinco capellanes.

Morto D. Fernando de Andrade, primeiro patrono da igrexa, o seu fillo D. Juan Freire de Andrade transformou a igrexa de colexial a conventual, sustituindo os capellanes por unha Comunidade de Terciarios da Penitencia de San Francisco, xa que non chegou a acordar cos de San Agustín para que eles fundasen unha comunidade. A comunidade franciscana estaba composta por oito frailes. Incluso, temendo que os PP. franciscanos renunciasen a continuar residindo en San Sadurniño, dispuxo no seu testamento, outorgado en 3 de maio de 1548 ante Gonzalo Tenreiro, que, se éstos abandonaban o convento pasasen a ocupalo os da orden dos agustinos. Sábese que no 1554 o Prior desta comunidade franciscana era Fr. Bartolomé Méndez. Pero, como xa temera D. Juan Freire de Andrade, por entre os anos 1564 a 1568 fóronse os relixiosos, voltando os capellanes. Á morte de D. Juan, o seu fillo, D. Pedro de Andrade y de Castro sucedeuno na Casa, maiorazgo e patronato de San Sadurniño (sería xa o 3o patrono). El tratou de sustituir ós capellanes por frades da Orde de Santo Domingo, outorgando ó efecto unha escritura de fundación co Vicario Provincial do Reino de Galicia, Fr. Alonso de Santo Domingo e o Prior do Convento de Santo Domingo de Santiago, Fr. Pedro de Leguimazo, na villa de Santa Marta de Ortigueira, da cal deu fe con fecha 22 de xaneiro de 1570 o notario D. Diego de Espinosa, previa autorización do Capítulo Provincial celebrado en Valladolid no ano 1569. Foi aprobada esta escritura, e por elo a nova fundación, polo Capítulo Provincial celebrado en Toledo no ano de 1573, seguindo a esta aprobación a do bispo de Mondoñedo, D. Juan de Yermo, con fecha 23 de xaneiro do 1576 e a do Nuncio o 3 de xaneiro do 1577. Non vou a reproducir aquí, por ser breve, as cláusulas da escritura de fundación, aínda que vou sinalar algunha característica da mesma: A Casa tiña que ser Priorato, e non Vicaría, sendo o número de relixiosos doce, con organistas e predicadores (a diferencia de ser Priorato e non Vicaría radica na súa importancia e dependencia; para ser Priorato a comunidade tiña que contar polo menos con doce membros).



Polo ano 1576 remátase a fábrica do edificio que acollerá a comunidade dominica, sendo éste o convento máis pequeno da Orde dos dominicos en Galicia, e tamén o único existente fóra de cidades ou vilas importantes.

A relación desta comunidade cos patronos non foron sempre cordiales, e incluso chegaron a entrar en pleitos. Non pasaran aínda dezaséis anos logo da fundación e unha



Perfil da Igrexa

disputa co propio fundador obriga ós dominicos a abandoa-lo convento, voltando os capellanes a facerse cargo do culto da igrexa. No Capítulo Provincial celebrado en Burgos no ano 1591 determinouse abandoa-lo convento por non estar na disposición que a Orde dominica desexaba, tanto nos edificios coma nas rentas. Remediados estes problemas, voltou aceptalo no novo Capítulo do ano 1595 celebrado en Segovia. Despois de estes incidentes a comunidade non tiña o número de relixiosos que se pedían na escritura de fundación, xa que nos libros da propia Orde dominica aparece o convento de San Sadurniño con só oito frades, sin que deixara de ser Priorato por esta causa. Seguramente ésta foi a causa de que D. Pedro de Andrade demandara á comunidade dominica e tamén a razón de que os frades abandoasen o seu novo convento.

O sucesor de D. Pedro, o seu fillo primoxénito D. Antonio Bermúdez de Lanzós tratou de sustituir ós dominicos por frades de San Francisco no ano 1610, outorgándolles unha escritura no seu favor, pero desistiu do seu propósito e, arrepentido, ós vinte días revocou a escritura.

En canto a relación patronos e comunidade dominica, seguiron existindo a súas tiranteces. É de destacar, xa preto dun século máis tarde, no ano 1703 a Marquesa de San Sadurniño, bizneta de Pedro de Andrade, outorga unha escritura de concordia para evitar conlictos cos frades, en canto que non tiñan doce na comunidade por non dispoñer de rentas axeitadas para a súa subsistencia, co cal cúmprese conque teñan oito. Tamén se obriga a sí mesma a dar unha determinada cantidade anual de materiais para o culto e leña para mantenimento da comunidade. Máis tarde, o fillo da marquesa negouse a realiza-lo pactado, co que o Convento ten que recurrir á Real Audiencia para obrigarlle a cumpri-los compromisos de patronato da fundación. O mesmo foi acontecendo cos distintos sucesores dos patronos.

Un dato a ter en conta é que, sendo o convento de menor categoría de Galicia, aventaxaba na cuentía dos seus bens a outros máis importantes.

En 1821 este convento serviu de refuxio a tres dos relixiosos expulsados do convento de



Santo Domingo de Viveiro, ó ser clausurado polo Goberno da Nación desde o día 12 de xuño de 1821 ó 24 de setembro de 1823.

Polo Real Decreto do 25 de xullo de 1835 prodúcese a exclaustración dos frades, sendo expulsados deste convento sete PP. dominicos. O prior era daquela o P. Tomás Sieira. Logo desta fecha, fíxose cargo do edificio o novo Cura párroco, e con fecha do 1863 o Bispo de Mondoñedo-Ferrol deu a súa autorización para que puideran instalarse nel as oficinas do Concello, o Xuzgado Municipal e as Escolas de nenos e nenas, con vivendas para ambos mestres.

En canto ó edificio e á igrexa, o claustro é pequeno, con sete arcos de medio punto; a igrexa é toda de sillería, estilo clásico so século XVIII, a excepción da Capela Maior, que é de estilo gótico, planta de cruz latina e ben proporcionadas dimensións. Do edificio antigo queda só a Capela Maior, máis baixa que as naves do cruceiro, coa súa bóveda de nervaduras, arco de entrada bastante apuntado descansando sobre columnas románicas, e tres sepulcros con estatua xacente de dama un deles e de cabaleiro os restantes, cos seus epitafios en letra gótica, baixo arcos de medio punto nos que se encontraban os escudos da Casa de San Sadurniño.

Remato xa este pequeno esbozo da historia deste convento de San Sadurniño, que non deixa de ser unha pobre aportación, xa que eu só recollin datos de historiadores que trataron en profundidade o tema. Antes de despedirme quixera dar aquí o meu agradecemento a José Luis Fonticoba Sueiras, de Prospes, o sacristán que temos na parroquia e que me axudou moitísimo a realizar este artículo ó pasarme moita documentación, xa que aquí non vai nin unha cuarta parte do que el me conseguiu. Moitas gracias.

Espero non ter sido pesado con tanto dato, pero tal vez sexa a maneira de que poidamos comprender que, desde sempre, a nosa vida e a nosa fe van collidas da man, e que a historia do noso pobo, a nosa cultura, os nosos antergos, están íntimamente relacionados coa relixión . O que somos e o que cremos é o reflexo daqueles que xa son parte da historia, pero que nos deixaron un legado importante e presente no noso Convento de San Sadurniño.

Óscar Santiago Sanmartín.
Membro do Equipo Sacerdotal de San Sadurniño.

# EL DESCANSO como actividad

## ESE FACTOR TAN IMPORTANTE EN NUESTRAS VIDAS

El hombre necesita para desarrollar al máximo sus capacidades, algo tan fundamental como el descanso. Este afecta no sólo al aspecto físico sino también al psíquico y al socio-cultural de la persona.

## CAUSAS DEL DOLOR DE ESPALDA

Nuestros antepasados eran cuadrímanos. La especie ha ido evolucionando hacia una posición erecta con el fin de poder liberar las manos delanteras y así permitir el desarrollo de actividades más especializadas. En consecuencia podemos decir que la columna vertebral tiene que equilibrarse sólo en dos puntos de apoyo y soportar todo el peso corporal. El hombre actual abusa de su columna vertebral al ir cambiando sus hábitos hacia una vida más sedentaria y el estrés que han traído consigo la pérdida de fuerza, de flexibilidad y continua contracción refleja de la musculatura. Esto hace que la espalda duela como protesta por el ritmo de vida socio-cultural que nos lleva a desobedecer constantemente su llamada de atención. Ante estos datos, el dolor de espalda supondrá una nueva plaga sanitaria si no prevenimos la aparición del dolor.

**Prevención: UN BUEN DESCANSO.**

El descanso es una actividad vital esencial ya que pasamos un tercio de nuestras vidas durmiendo. Un buen descanso incluye la capacidad necesaria para poder relajarse física y mentalmente. Para poder realizarlo de forma correcta y apropiada, vamos a recordar factores positivos que ayudarán a conseguir ESE MERECIDO DESCANSO.

## LA CAMA IDEAL

Es difícil enunciar un concepto que englobe todas las tendencias actuales, pero si podemos destacar las nociones más difundidas por los expertos en la materia. Podemos decir, de una manera general, que la cama debe de tener un colchón que permita distribuir el peso corporal de una manera uniforme. No debe de ser demasiado blando que al ceder haga EFECTO AMACA, ni demasiado duro que deje zonas de nuestro cuerpo, como la cintura, sin estar en contacto con la superficie del colchón. Otro factor importante, a la hora de sacarle el máximo rendimiento a su colchón, es EL SOMIER. Conviene que sea DURO pero FLEXIBLE. Hoy en día esto se ha conseguido gracias a las ROTULAS BASCULANTES y a una mayor elasticidad de las láminas. No debemos olvidar su tamaño, este debe de permitirnos realizar los movimientos y posturas propias de la actividad del descanso. ***Como caso anecdótico, algunos lumbálgicos prefieren dormir en el suelo antes que en la cama... Esta no es la solución.*** Hoy en día se ha avanzado lo suficiente como para poder asegurar que el binomio, dureza-flexibilidad, necesario para un descanso reparador y eficaz se ha logrado. Los equipos de descanso que Ud. encontrará en las tiendas especializadas le aportan todos estos beneficios. Existen productos que responden de manera individual aunque sean colchones compartidos por personas de muy diferente peso y estatura. Un especialista sabrá indicarle que es lo mejor para su descanso ya que lo caro no siempre es lo adecuado. La ALMOHADA es otro factor a considerar ya que es una pieza clave dentro del CONJUNTO de DESCANSO.

**CONCLUSION**

Un mal descanso disminuye la capacidad para ejercer y desarrollar nuestras actividades. Puede crear estados de ansiedad y preocupación que influyen negativamente en nuestro desarrollo físico, psíquico y social. El tipo, modelo y calidad de nuestra cama mejora nuestra vida cotidiana.


TG
O TAPIZ
Tapicería - Colchonería
Ctra. de Castilla, 118
15407 Alto del Castaño • NARÓN
Telf./Fax: 981 38 06 30




• Camas de hospital manuales y eléctricas
• Colchones homologados para hospital y geriatría

• Camas articuladas eléctricas y manuales
• Colchones Latex Pincore

Especialista en el descanso

¡¡Llámenos!! y pasaremos a visitarle sin ningún compromiso al Telf./Fax 981 38 06 30

## Pierde Grasa en tiempo record con la infusión

# Té rojo PU-ERH

El TÉ es uno de los mejores aliados a la hora de iniciar un régimen de adelgazamiento.

Recientemente se ha descubierto el Té Rojo, el cual viene de oriente y su nombre es PU-ERH.

Para los kilos de más, el té rojo es una estupenda solución. Estudios recientes afirman que el 90% de las personas con sobrepeso, que lo incluyeron en una dieta baja en calorías, llegaron a perder hasta 9 kilos en un mes.

Hay que beberlo lentamente después de las comidas.



### No sólo ADELGAZA,

**sinó que además:**

- Desintoxica y depura el organismo.
- Refuerza el sistema inmunitario.
- Es capaz de aliviar el mal humor y las pequeñas depresiones.
- Estimula la secerción de las glándulas digestivas.
- Reduce el nivel de grasa en sangre.
- Elimina el sobrepeso.
- Reduce los niveles de colesterol LDL.
- Activa el metabolismo del hígado.
- Protege de las infecciones y tiene propiedades bacteriostáticas.

# Una ayuda eficaz

## en tu dieta de Control de Peso

Adelgazar debe ser un objetivo a medio-largo plazo, no dos semanas antes de las vacaciones del verano.

Acostúmbrate a hacer ejercicio 2 ó 3 veces por semana y bebe agua en cantidad suficiente (1,5 ltrs. al día)

### Combatir la celulitis

| Cuando acaba de aparecer: | Cuando lleva tiempo contigo: |
|---|---|
| PAPAYA + GUARANÁ | ANANÁS + TÉ VERDE |

### Perder peso según tu apetito

| Ganas de tomar azucar: | Si presentas edemas: | Si son zonas localizadas: |
|---|---|---|
| GARCINIA CAMBOGIA + TÉ VERDE | GLUCOMANO* + TÉ VERDE | FUCUS + TÉ VERDE |

**En cualquiera de los tres tratamientos puede incorporarse CHITOSÁN**

* Distanciar 1/2 hora de cualquier otra toma. Consumir con gran cantidad de agua.

### Perder peso según tu retención de líquidos

| Si tienes demasiados líquidos: | Si presentas edema: | Si son zonas localizadas: |
|---|---|---|
| ORTOSIFÓN + TÉ VERDE | TÉ VERDE + PILOSELA | ANANÁS + TÉ VERDE + ORTOSIFÓN |

### Casos Particulares

| Exceso de peso con extreñimiento | Exceso de peso con mala circulación | Exceso de peso con tendencia a tener azúcar |
|---|---|---|
| ISPAGHUL* + ORTOSIFÓN + TÉ VERDE | HAMAMELIS + PILOSELA + TÉ VERDE | VAINA DE JUDÍA + GARCINIA CAMBOGIA |

### Mantener el peso ideal

ISPAGHUL* + TÉ VERDE + CHITOSÁN

FARMAROSA
PARAFARMACIA
HERBORISTERIA

• Centro Comercial de Narón
15407 Narón
Telf.: 981 392 343
• Galerías Centro Comercial Alcampo
15407 Pol. de A Gándara - Ferrol
Telf.: 981 32 96 24

# Crónicas do Casal. Contos de San Sadurniño

A principios do S. XX había alí cinco casas. Unha delas era o Casal, a dos meus bisavós: Vicente e Francisca. A rentes dela estaba a entrañable casa e muíño, na que vivía a tía Ramona, irmá da bisavoa. Máis aló -entre o camiño Real e o de Pedroso- había outra á que foi vivi-lo tío Ricardo cando casou con Chinta. Máis acó estaba a casa na que vivía o tío Belarmino do Casal. E máis abaixo, preto do río Grande, estaba a casa dos pais de Segunda.

Moita xente emigraba a América. Algúns a Cuba como o señor Emilio de Rico, e outros veciños de máis enriba (o máis vello dos de Rico e máis Faustino e Ramiro de Saavedra). Os do Casal ían maiormente a Brasil e a Uruguai.

O meu avó, o señor Segundo, era de Lamas. Marchou ós 16 anos ó Matogrosso, Brasil, e ós poucos anos volveu de visita. Tivo que liscar porque o querían prender a causa de que non cumprira o servicio. Daquela marchou ó Uruguay e volveu a San Sadurniño con cartos para casar, facer casa e poñer unha ferretería e co costume de matear tódolos días polas mañás denantes do xexún e polas tardes arredor das seis do serán. Casou no ano 1917 coa miña avoa, unha rapaza de 27 anos chamada Anita , do Casal. Foron vivir a Lamas, a Rivoira, mentres lles facían a casa. En 1920 naceu a ferretería de abaixo ou do señor Segundo. Era a sexta casa do Casal.

Os irmáns de Segundo tamén foron a América, Manuel e José aínda que este o que fixo foi percorrela toda, dende Tierra de fuego ata Alasca.

A casa dos da ferretería foi feita por un mestre de obras de Lamas que tamén fixo as de Andrés de Saavedra e a de Saro de Antón de Saavedra. As tres tiñan a mesma estructura e os marcos das portas e fiestras eran de pedra de Moeche.

Máis enriba do Casal está a casa do Hospital, onde vivían Avelina e Antón. Unha filla deles, chamada María, casou cun rapaz de Narahío, de nome Pedro. Outra filla- Irene- aínda vive na casa do hospital, coa súa familia. O señor Pedro fixo a casa para él e para María. Disque daquela non había a comprar bloques de cemento e el mesmo fixo os moldes e fabricou bloques para a súa casa. Era arredor de 1925. Alí viviron a señora María e o señor Pedro e alí naceron os fillos: Pedro, Secundino, Maruja e Marina. Era a sétima casa do lugar.

Como era normal daquela, os do Casal - os irmáns da miña avoa- foron a América. O tío Gerardo foi a Brasil, Disque veu a volveu a marchar. Non sei a historia ben a fío. Coa súa muller Estrella, viviu na casa vella do Casal ata que sobre o ano 45 construíu unha casa nova deixando unha parte da vella. Foi a oitava casa.

Outro irmán- José- emigrou a Brasil cando so tiña dez anos. Daquela había xa unha casa, fóra do que se



chama Casal, á beira do camiño real e da igrexa. Alí vivían o telegrafista e maila súa muller. Non se soubo que fora deles. A muller sabía coser e fíxolle o traxe da 1ª comunión á miña nai. Marcharon e a esa casa foi vivi-lo tío José (para min era "padriño"do teléfono) cando volveu de América e casou coa tía Andrea, unha señora da que eu lembro a expresión adusta, o traxe negro e un veo de gasa da mesma cor cubríndolle a cabeza. Isto era xa preto dos anos 50. A súa sobriña Margarita atendía ó teléfono.

Na casa na que vivira o tío Belarmino estiveron logo o señor Emilio, a señora Andrea, e maila súa filla Manola. Despois marcharon á casa na que vivira o tío Ricardo. Eles morreron e hoxe segue a vivir alí a súa filla. Daquela a casa na que viviran quedou baldeira e nos veráns ocopabase cos veraneantes. Eu lembro os de Aragón ( un matrimonio cunha pila de fillos), logo os Romalde e despois os Torrente. En útimas, nun ano de finais dos cincuenta chegaron a vivir alí Víctor de Rico e Maruja. Era eu ben pequena pero aínda parece que os vexo chegar da voda para a casa, moi traxeados levando ela un vestido de cerimonia negro.

Na casa do señor Pedro él morreu, e máis tarde o seu fillo Pepe. Secundino foi a América no 1953. Primeiro Brasil e logo Uruguai. Tamén a señora María morreu. Agora vive na casa familiar Secundino coa súa familia.

Cando morreron os pais de Segunda, quedou vivindo na casa a súa filla . Non tivo fillos pero viviron con ela dúas sobriñas. Unha delas morreu bastante nova e a outra, Adela, quedou na casa. Tampouco Adela casou, de xeito que, cando morreu quedoulle a casa a Marina de Pedro que a atendeu con todo o cariño e coidado ó longo da súa enfermidade.

Tamén no Casal morrera primeiro Estrella e despois o tío Gerardo. Na casa quedaron tres fillos: Adelina, Ana e Daniel, que casou con Alcira. Outro fillo- Carlos- morrera moi novo e Mercedes non vivía en San Sadurniño. Tamén Daniel foi a América pero iso foi xa case nos sesenta e foi coa muller - que marchara primeiro- a Norteamérica. Daniel morreu e hoxe pasan parte do ano na casa a súa viúva e mais Ana, única filla do tío Gerardo que aínda vive.

Na casa do muíño despois da tía Ramona quedaron Saturna e Honorinda. Saturna casou co José de Varela de Agra. Na casa naceron Hilario e Celina. Sempre lembrarei con agradecemento os moitos anos nos que eu pasaba boa parte do meu tempo de lecer na súa casa. O señor José e mailo seu fillo Hilario foron para Brasil xa nos sesenta pero ata daquela José tratoume sempre coma da familia, mesmo me berraba: ¡ vai polo rego!, cando eu ía chamando as vacas e el ía atrás arando. Tampouco esquecerei o bo carácter da señora Saturna que sorría con complicidade e nos deixaba facer as nosas pequenas estrobiadas a Celina e a min. Mentres tanto, a señora Honorinda estraba ou encaldaba sempre cantaruxando, Aquela muller sabía todos cantos retrousos e cantigas hai e non me arrepentirei nunca dabondo de non os ter aprendido. Celina casou e marchou. Hilario retornou e fixo unha casa nova. Agora o vello muíño vai caendo.

Na ferretería a señora Anita e o señor Segundo tiveran catro fillos. O máis vello- Toño- morreu sendo un rapaz. A seguinte era Lidita, a miña nai. Casou cun rapaz de Ferrol, Carlos. Viviron en Ferrol e alí nacemo- las súas dúas fillas, pero non deixaban de vir continuamente ás raices e mesmo as fillas víñamos pasa-lo verán e tódalas vacacións dispoñibles na casa da avoa. Outra filla casou con D. Paco, un mestre que levaba tempo en San Sadurniño, onde viviron moitos anos. Despois colleu escola en Ferrol e marcharon, pero tamén viñan á casa. O máis pequeño dos fillos de Segundo era coñecido polo diminutivo: Tito. Cando morreron os petrucios el xa levaba a ferretería. Casou coa súa noiva Viruca, que era de Ferrol pero que se adaptou rápidamente no Casal e en San Sadurniño. "Tempus fugit": o ano pasado pechou a ferretería de abaixo, despois de oitenta anos. Na casa seguen vivindo os dous.

Outra casa que se fixo logo, a metade de século, foi o chalet de D. Matías. A súa historia queda para outra ocasión.

Aló polos anos 1930 había en San Sadurniño catro tipos de acontecementos. Uns eran os relacionados directa ou indirectamente coa duquesa. Vou contar dúas anécdotas:






Panadería
O'Forno
Santa Mariña
San Sadurniño
Telf. 981 36 84 23


HOSTAL - RESTAURANTE
Casa TOÑITA
AS NEVES
(Capela)
Telfs.: 981 45 90 35
981 45 92 26


Granja de
Perdiz y Faisán
Eladio Casal Sanesteban
Teléfono 981 49 02 66
LAMAS - SAN SATURNINO
(La Coruña)


NaroN
CENTRO-COMERCIAL


Lugar de Prospes


Camiño Arriba


Praza do Concello


Camiño da Rubiña

# Lugares de San Sadurniño


Río Pequeno


Río Grande

Estaban no pazo agardando a chegada dos reis, que viñan de invitados. Os nenos e moita xente estaba fóra, ás beiras da estrada con bandeiriñas. O sacristán era daquela o pai de Pepe de Benito e aquel día tiña a misión de avista-lo coche e repenica-las campás para avisa-la chegada e que comezaran as aclamacións. Nunca pasaba un coche. O sacristán veo vir e repenica. Todos axitan as bandeiras e o coche vaise apertando entre ovacións con gran sorpresa dos que van nel, que non eran os reis.

Cando viñan os reis, os do señor Matías Wirz viñan á nosa casa a velos chegar dende os balcóns da sala, ben adornados coa bandeira.

O avó do meu home- D. Angel ou o señor Xelo- contoume que, sendo el un neno, estaba en telégrafos (dixo que na casa de Rico, onde tamén era Correos) e alí estaban o rei Afonso XIII e mailo presidente de goberno -Don Antonio Maura- invitados da duquesa. Polo telégrafo chegou a nova da Semana tráxica de Barcelona. Disque o rei puxo a súa man no brazo de Maura dicindo: Estamos perdidos. Era 1909. O goberno Maura caeu. O rei capeou treboadas ata o ano trinta.

Outros acontecementos eran os bailes no salón de Mera. Eran con organillo e tamén había cantina para tomar algo. Os meus avós ían moito. No primeiro andar tamén se deron comidas. Polo antroido había bailes de comparsas con disfraces, moitos feitos con papel. Os nenos non podían entrar, pero miraban polas fiestras.

Outros acontecementos eran os días de feira, os primeiros domingos de mes. Viña xente dende a Toca, Igrexiafeita... viñan a pé e dispostos a pasa-lo día.

As feiras eran ocasión non só de mercar ou vender senón de falar e poñerse ó día nas novas que se producíran no arredor. Disque na feira había xurelos en escabeche e empanadas para comer e que tamén se daban comidas na casa de Saro de Antón de Saavedra e na de Belarmino Gil, que despois foi casa Vizoso. Eu non lembro nada disto, pero si o que pasaba na ferretería. A tenda ateigabase de xente que mercaba cousas, pero que viña parrafear. Preguntaban pola miña avoa, a señora Anita, que estaba dentro, na casa, e -cando ela chegaba -empezaban ¡ Ai Anitiña! ¡ Canto tempo! Empregaban aquel dobre diminutivo con moito afecto, creo que inspirado pola súa afabilidade e bo carácter. Ás veces viñan algunhas irmás da miña avoa e parrafeaban sentadas nos sillóns da galería tomando café. Se era polo verán- era eu ben, ben nena- os cativos facíamos unha función. Poñiamos bancos na acera e cos fillos do médico e de dona Regina, que vivían no chalet de don Matías, actuabamos. A entrada custaba unha mota. O coche de Antón chegaba pola estrada de Pedroso- aínda sen asfalto- e tiña parada alí. Nós faciamos un alto.

O cuarto grupo de acontecementos era o das festas de Sta Isabel, Belén, S. Cristobo e as de máis lonxe, pero quedan para outra ocasión.

Todo isto son contos, un díxome díxome engadido ás cousas que lembro. No é un estudio riguroso. Ben será que haxa faladurías e que se corrixan os erros que poida haber.

Margarita Sánchez, dos da ferretaría de abaixo
(neta do Sr Segundo a da Sra Anita do Casal)

ARMERÍA FERROL
CAZA - PESCA - TIRO DEPORTIVO - ARQUERÍA
C/. Nueva de Caranza, 92-94, Bajo · 15404 FERROL
Telf. 981 333 174 · FAX: 981 333 246 · Móvil: 696 481 115

Construcciones
SANTALLA
Villarrube - Valdoviño
Telf./Fax: 981 38 87 08 - Móvil: 609 679 453

# A promoción do milenio

Miñas donas, meus señores, como son un recén chegado a estas fermosas e acolledoras terras irmandiñas, non me atrevo a disertar sobre realidades locais que aínda descoñezo. A miña colaboración nesta revista festeira do 2001, está dedicada por iso, ós rapaces, que son os realmente importantes, xunto cos nosos maiores, na transmisión da identidade cultural dun Pobo. Trátase, neste caso, de contarlles as miñas impresións sobre a brillante promoción de 4º. E.S.O que se graduou no noso CPI no curso que rematou, e de presentarlles algúns dos excelentes traballos de investigación en Ciencias Sociais e creación literaria, que realizaron @s alumn@s do centro.

Confésolles que me sorprendeu, ó pouco de traballar con eles, a interesante mistura de inquedanzas polo saber e fachenda identitaria que enxergaban estes mozos. Unha mistura tan prometedora coma certamente escasa na sociedade en que vivimos. Hoxe, para ser 'modernos' e cosmopolitas, adoitamos rexeitar, ás veces, as tradicións herdadas dos nosos antergos, sin entender que a súa preservación constitúe a mellor garantía colectiva para proxectarnos como Pobo no futuro. Porque nós, os galegos, temos un patrimonio cultural diferenciado, nin mellor nin peor que o resto das persoas do Mundo, pero é a cerna identitaria que nos permite ser diferentes e competir sen medo neste mundo globalizado que cambia.

Será, cecais, porque son de familia labrega con avós cubanos e sinto como propia esta Galicia rural que se adapta ás cotas de producción e ás subvencións bonsaicizadoras da Unión, que me semellou doado acadar a empatía cos ledos "irmandiños" que tiñamos nas aulas. Eles demostraron, ó longo dun ano de estudio do pasado histórico do mundo contemporáneo, que eran quen de procurar información en Internet, reflexionar sobre a pegada de Vicente Risco no nacionalismo galego de antes da guerra, ou interpretar as advertencias de Bertold Brecht sobre o fascismo, con destreza e entusiasmo semellantes ós que desplegan cando manexan modernas maquinarias nas explotacións agrogandeiras da familia.

Teñen un dinamismo persoal, só comparable as súas arelas de aprender e entender, que lles permite expremer o tempo para facer deporte, estudiar arreo, axudarlle ós pais e disfrutar da vida cos seus amigos ou cultivando as súas facultades musicais e teatrais. Interesáronse polos problemas sociais e mediombientais do mundo no que viven, madurando o coñecemento crítico dos seus alicerces estructurais. Indignáronse, algunhas veces, perante a depredación de recursos naturais e humanos polo capitalismo transnacional. E decepcionáronse, outras, ó descobrer que aquelas arelas dun mundo máis susto, sin explotados nin oprimidos, que mudaron o curso da Historia coa revolución soviética de 1917, remataron sendo un pesadelo de vellos líderes cargados de medallas e xente anónima que derrubou os muros á procura da Liberdade. Pero asumiron, ó cabo, a necesidade de comprometerse na conservación das libertades políticas e das conquistas sociolaborais que disfrutamos, coa arela posta na procura dun futuro máis xusto e solidario para tódolos galegos, irmáns dos demais habitantes desta aldea global chamada Terra.

Estes rapaces aprenderon que houbo un tempo glorioso no que o Pobo francés, canso de ser súbdito de reis tiranos, gañou a liberdade soberana para converterse en cidadán. Resulta utópico, ou ata indecente cecais, afirmar que chegaron os tempos de converter nunha realidade universal aqueles vellos lemas de "Liberté, Egalité, Fraternité", que cambiaron a Historia de Europa fai máis de 200 anos, si debruzamos a nosa ollada nas escandalosas situacións de fames, guerras, restriccións inmigratorias en países que antonte eramos emigrantes e desfeitas ecolóxicas que arrasan ós continentes pobres do mundo. Pero estes rapaces xa saben convivir en libertade e democracia, exercendo con madurez os seus dereitos á crítica e ó disenso, dentro do permanente respeto ás persoas e ás institucións que demostra o seu compromiso cívico e constitúe a máis fermosa garantía de futuro para todos nós.

É de xustiza, pois, que vaian para eles, os nosos parabens, porque son o principal motivo de fachenda das súas familias e do noso centro. Os méritos e o futuro son seus, a saudade pronto será nosa...

Raúl Soutelo Vázquez
Profesor do CPI de San Sadurniño

arpôn
TODO EN PESCA
COMPLEMENTOS DE CAZA
TELF. 981 38 86 38
CTRA. CASTILLA, 350
FREIXEIRO - NARÓN

# Pequeno vocabulario de sociolectos da Xuventude-Estudiantado da Área de San Sadurniño

O Día das Letras Galegas estivo adicado este ano á figura do poeta, xornalista e lexicógrafo Eladio Rodríguez.

En efecto, o seu labor máis importante foi neste último campo, xa que foi recollendo ó longo da súa vida palabras da lingua viva nun diccionario que xa tiña rematado para saír do prelo no ano 1926, pero que ó non ser publicado daquela, continuou o labor de recollida e ampliación tanto no número de palabras como na extensión das definicións.

Baixo o título Diccionario enciclopédico gallego-castellano, foi publicado entre 1958 e 1961 pola Editorial Galaxia, coa axuda económica dos emigrantes de Venezuela en tres volumes que recollen 45.673 entradas, ademais de 11.363 refráns e 11.961 locucións ou frases proverbiais.

As súas achegas no campo léxico-semántico foron, son e serán un instrumento fundamental para todos os filólogos, por tratarse dun autor preclaro no campo do léxico, tan ermo durante moitos anos, ademais de constituír un estudio etnográfico de primeira man.

Por ese motivo, para renderlle un pequeno e humildísimo tributo as alumnas e alumnos de 3º ESO do CPI San Sadurniño atenderon con interese á suxestión proposta na clase de lingua galega e elaboraron, cun criterio diccionarista, unha serie de termos de uso común no seu campo da xuventude-estudiantado, do que resultou como froito un traballo que recompila algúns dos sociolectos da mocidade de San Sadurniño e área de influencia.

Desta actividade fíxose unha mostra no centro e tivo por finalidade ofrecerlles ós lectores "menos mozos" e ós rapaces e rapazas de fóra das nosas fronteiras aquelas palabras usadas pola xuventude que non están nos diccionarios normais ou que estando teñen outras acepcións distintas.

Esta pequena contribución léxico-semántica pretende ser un vocabulario de uso, no sentido de que ó lado de cada sociolecto aparece o termo na lingua estándar e a definición desa palabra como entrada nun diccionario normativo, á parte, claro está, da súa caracterización gramatical concreta, en abreviaturas.

Ademais, para fixar o termo, os conceptos teñen cadansúas frases exemplificativas que reflicten o emprego que lles dá a mocidade.

Nalgunhas ocasións os sociolectos son deformacións de palabras existentes ou ben invencións, feitos estes que tamén se fan constar nas correspondentes entradas.

E asemade ilustrativo, xa que o alumnado tamén presentou á marxe das definicións, uns debuxos dos diferentes conceptos para remarcar o carácter didáctico que persegue.

Ogallá que esta actividade sirva de xermolo para vindeiras recompilacións posto que os sociolectos mudan axiña de xeración en xeración.

O noso agradecemento ós alumnos e alumnas de 3º ESO que fixeron posible este traballo.




Teresa Pastor Novo.
(Profesora de lingua e literatura galegas do CPI San Sadurniño

- CHAVETA: s.f. (código estándar: cabeza). Peza coa que se aperta o eixe ás rodas do carro./Cuña para asegurar dúas pezas.
- CHOCOLATE: s.m.(código estándar: costo). Pasta alimenticia feita a base de cacao e azucre moídos e outras sustancias aromáticas./ Bebida que se fai con esta pasta en auga con leite. Non é recomendable que os nenos consuman chocolate.
- GAS: s.m.(código estándar: apurar). Estado da materia no que as moléculas que a compoñen quedan pouco ligadas entre elas polas forzas de cohesión./ Carburo de hidróxeno que se emprega para a producción de calor, para alumar, etc.
- QUILLA: s.m.(código estándar: rapaza). Peza de madeira ou ferro que vai de proa a popa e que serve de sostén a toda armazón do barco./ Parte saínte do esterno das aves. -Quilla, tráeme a auga que está no mostrador, por favor.
- QUILO: s.m. (código estándar: millón). Substancia líquida lactosa, procedente da transformación de alimentos(quimo) que pasa a mesturarse co sangue a través dos vasos linfáticos./Forma reducida de quilogramo; a súa abreviatura e Kg. -Ó meu veciño Ramón tocoulle un quilo na O.N.C.E
- TARRO: s.m. (código estándar: cabeza). Recipiente cilíndrico de boca ancha, xeralmente feito de arxila cocida. -Esa rapaza estalle dando voltas ó tarro por unha cousa de nada.
- TÍA:S.F. (código estándar: rapaza). Irmá do meu pai ou da nai respecto dos fillos destes./ tratamento de respecto a unha muller casada ou de certa idade. -¡Que pasa, tía!•
- VERZA:S.F. (código estándar: despistado/a). Folla da col. -Ese raparigo anda nas verzas.

NATALIA ALVES NOVO 3°A

---

- VASCA: s. f. (Código estándar: Xente). 1-Ansia, inquedanza.2-Natural do País Vasco -Esta noite vai haber moita vasca no concerto.
- GATO/A: (Código estándar: pai, nai ). Invención. Teño que ir a casa do meu gato.
- PLASS/A (código estándar: vello). Invención. -O teu plass é un bocas.
- PURRILE (Código estándar: vello). Invención. -Ese purrile é un cotilla.
- GUINDILLAS (código estándar: policía local). Invención. -Aí veñen os guindillas.
- MADEIRA s.f. (código estándar: garda civil). Sustancia leñosa, sólida e compacta das árbores. -Non sei que anda argallando a madeira.
- ZIPI E ZAPE (Código estándar: policía da tráfico que vai nas motos). Persoases de cómic. -Hoxe Zipi e Zape empapelaron a oito.
- CHUQUELO (código estándar: can). Invención. -O chuquelo de María esta escuálido.
- CACHARRO (código estándar: cubalibre). Pucheiro pequeno. -Invítame a un cacharro.
- PETA PETA (código estándar: bongó). Invención.-Dálle aí un pouco ó peta peta.
- CIFRA s.f. (código estándar: cartos). Algarismo, número. Chuvia moi intensa acompañada din vento forte. -Non teño cifra.
- PEÑA (código estándar: xente). Invención. -Nese garito hai moita peña.
- FARIÑA: s.f. (código estándar:Droga) Po resultante da moída do gran, xeralmente dos cereais. -A semana pasada vin ó teu amigo e estaba a tomar fariña.
- MADEIROS: s.m. (código estándar: Policía). Peza de madeira pesada para ser traballada. -Onte os madeiros estaban a multar ós que ían a máis de 50 Km/h.
- GORILA:s.m. (código estándar: Porteiro de discoteca). O máis grande de tódolos monos antropoides. O gorila non nos deixou entrar na discoteca onte a noite.
- LEVANTAR: v. (código estándar: Roubar). Mover algo cara a, erguer. Levantáronlle a moto a Alex onte durante a noite.
- CAMELO: s.m. (código estándar: Persoa que anda coa droga) Mamífero rúmiante de pescozo longo a dúas chepas no lombo. Dous camelos estaban a pasarlles droga ós estudiantes novos.
- ACEITUNAS: s.m. (Código estándar: Garda Civil). Froito da oliveira. Os aceitunas andaban a buscar un preso.
- ZORRA: s.f. (Código estándar: Prostituta) Femia do raposo. Vin coma unha zorra se subía a un coche onte á noite.
- LAGARTA: s.m. (Código estándar: Persoa moi entremetida). Réptil saurio de corpo cilíndrico e rabo longo, pel verdosa e escamenta. Teño unha veciña que é unha lagarta, anda tódolos días a latricar e latricar
- GARITO: s.m. (código estándar: bar). Casa de xogo. -Vou abrir un garito.
- PIVA (código estándar: Nena). Invención. -Esa piva está moi boa.
- XALAR: (Código estándar: Comer). Invención.-Vou xalar algo.
- XIÑAR: (código estándar: Excretar). Invención. -Vou xiñar.
- PESETA: (código estándar: taxista, chámaselles pola fama que teñen de ir a modo cando levan clientes). Moeda de peso e lei segundo os tempos. -Ese peseta non nos quere levar.
- BUXÍO (código estándar: escondite). Invención. -Vou meter o pincho nun buxío.
- PICOLETO (Código estándar: Policía de tráfico que vai no coche). Invención. -Xa andan aí os picoletos.
- GOMA (código estándar: Preservativo). Seiva viscosa e translúcida. -É mellor que uses goma.
- ZUMBAR (código estándar: Pegar, golpear). Facer zunzún.
- DAR O PAU (código estándar: Roubar). Invención. -Voulle dar o pau a ese purrile.
- CHORVO (código estándar: rapaz). Invención. -Ese chorvo é tonto.
- CEPO: (código estándar: persoa obesa). Toro, anaco dun trozo cortado transversalmente. -A María chámanlle cepo.

PEDRO RODRÍGUEZ FOLGADO 3°B ESO

---

- CHUZA s.f. (código estándar: borracheira). Forcada de cinco dentes. -colleu unha chuza que lle fixo doe-la testa todo o día.
- CAFETEIRA s.f. (código estándar: estar mal da cabeza). Aparello no que se prepara a infusión do café. -Todos din que Xoán é unha cafeteira.
- TRONCO s.m. (código estándar: amigo). Talo dunha planta cando é leñoso; esp. Dunha árbore. -O meu fillo dille ó seu amigo: ¡Que pasa tronco!
- PAVO s.m. (código estándar: Mozo) Ave da familia das faisánidas, de pluma moi vistosa, de cores vivas e metálicas, esp. A do macho. -Dille a ese pavo que cale a boca e non rife.
- PAVA s.m. (código estándar: Última parte do cigarro). A ultima parte do cigarro, cabicha. -Antes de acabar o pitillo pásame a pava.
- GAS s.m. (código estándar: ir rápido). Carburo de hidrogeno que se emprega para a producción de calor, para alumar, obter forza motriz, etc. -Ia na moto a todo gas.
- LIAR v. (código estándar: envolver algo): Envolver algo e atalo. -Estivo liando ata que lle cansaron os dedos.
- CHOURIZO: s.m. (código estándar: Ladrón). Embutido cru, de cor vermella, feito polo xeral con carne de porco picada e adobiada. Es un chourizo, so ti es capaz de roubar a unha vella.

SONIA COBA RODRÍGUEZ 3°A E.S.O.

- *GURIPA s.f. (código estándar: cotilla). Invención. Mira aquela guripa na ventá.*
- *CURRO s.f. (código estándar: traballo). Lugar pechado ou descuberto onde se gardan os cabalos. -Atopei un curro moi bo, só traballo polas tardes e páganme ben.*
- *PELUCO: s.m. (código estándar:reloxo). Invención. -O meu peluco novo ten unhas agullas moi bonitas.*
- *MOVIDA: s.f. (código estándar: Pelexa, liorta). Cousa fóra do seu sitio; verbo mover. -Onte houbo nunha movida enorme; tiveron que ir os gardas.*
- *PIÑOS s.m. (código estándar: dentes). Invención. -Teño que ir ó dentista, teño un piño picado.)*
- *CHUNGA s.m. (código estándar: enferma). Invención. -Estou moi chunga teño 40º de febre.*
- *MARRÓN s.m. (código estándar: bronca). Da cor das castañas. -Onte cheguei tarde á casa e caeume un marrón...*
- *CEGO s.m. (código estándar: borracheira). Invención (cego: persoa que non ve). -Onte bebín tres cubatas e as 3:00 da mañá xa tiña un cego impresionante.*
- *PILLAO: s.m. (código estándar: louco). Invención. -Ese home saíu onte do psiquiátrico, está pillao.*
- *CHUQUELO: s.m. (código estándar: can). Invención. -Seu pai ten moitos chuquelos de caza.*

LORENA CASTRO GARCÍA 3ºA E.S.O.

---

- *ARRANCAR: (código estándar: Irse, marcharse, pirarse). Quitar, sacar, extraer con violencia. -Arranca para Ferrol agora mesmo.*
- *CAGARRETE: (código estándar: W.C., Wáter). -¡Mamá! Vou ir ó cagarrete.*
- *CAROLO: (Código estándar: Nun exame, cando se saca unha puntuación de 0). Noz verde. -No exame de Inglés saquei un carolo.*
- *CHAPAR: (código estándar: Estudiar ao pé da letra algo. Estudiar moito) Cubrir algo con chapa. -Neniño, por moito que chapes vas suspender.*
- *CHORVO/A: (código estándar: rapaz/a. Persoa nova). -Igual non esta cachonda a chorva de Vigo e máis a outra.*
- *CHUPITO: (código estándar: Refírese aos coches que se poden conducir sen carné). - O meu veciño ten un chupito deses.*
- *ESTREITO/A: (código estándar: persoa que non se atreve , ten vergonza ou se achica). Que ten pouca anchura. -Es unha estreita.*
- *GATO: (código estándar: Dise dos pelos situados nas axilas. Xeralmente os das mulleres). Mamifero da familia dos felinos. - A moza deste ten uns gatos.*
- *LANCHA: (código estándar: pé grande).Embarcación pequena con motor. -O rapaz ese ten boas pernas, pero ten unhas lanchas.*
- *MANGAR: (código estándar: roubar). Porle o mango a ferramenta. -Mangeille o CD novo a miña prima.*
- *MARÍA: (código estándar: Marihuana). Nome propio. -Ti moito falas pero a min a María non me ilusiona.*
- *MARIPOSÓN: (código estándar: Home que ten un comportamento moi feminino). - O mariposón caeu na chapuceira.*
- *PINZAR: (código estándar: suspender unha asignatura). - Pinzou Matemáticas.*
- *PIQUE: (código estándar: Desafío). Resentimento a causa dun enfado. - Bóteche un pique coa bicicleta.*
- *PIRARSE: (código estándar: irse, marcharse, arrancar). -Pirouse para Santiago porque era un tontarrán.*
- *PITUFO: (código estándar: Policía que está tocando o pito nun cruce). Personaxe dunha serie de televisión. -A próxima vez vou atropelar o pitufo da miña rúa.*
- *RASCARSE: (código estándar: Emborracharse). Rañar, friccionar coas unllas.-Rascouse antes de que viñera meu pai.*
- *TARTEIRA: (código estándar: Automóbil moi antigo e aparatoso). Cazola, pota máis ancha que alta. -Meu avó ten unha tarteira do ano da pera.*
- *VELLO/A: (código estándar: Dise do pai ou da nai). Persoa anciá. Cousa antiga. -Un día destes, abato a vella polo campeiro abaixo.*

AITOR COUCE VIEIRA 3ºB

---

- *LEVAR UNHA BOA TALLADA: f.f. (código estándar: ir moi bébedo). Pepe tiña unha boa tallada na festa.*
- *SER PILLO COMA UNHA AVELAIÑA: f.f. (código estándar: non ser moi espelido). -Ti non es pillo coma unha avelaíña, non es moi espelido non, se non non farías tal cousa.*

FRANCISCO CASAL GONZÁLEZ 3º ESO B

---

- *CHUTE : s.m. (código estándar: vacina, Forma de chamarlle a unha vacina ou inxectarse heroína). Golpe que se dá co pé ó balón ou á pelota. - Un amigo meu metese tres chutes cada día.*
- *PACHUZOS: p.m. (código estándar: cigarros. Chámaselles ós cigarros que se fan).Rolo de follas de tabaco preparado para fumar. Daniel fumou un pachuzo e caeu no chan.*
- *CABALO: s.m. (código estándar: heroína, forma de chamarlle á heroína). Mamíferos équino, con crinas e rabo longo, domesticable élle útil ó home. A Miguel colléronо con medio quilo de cabalo e metérono no cárcere.*
- *PIPA: s.f. (código estándar: Pistola). Utensilio para fumar. O atracador do banco tiña unha pipa na man e outra no cinto.*
- *PELAS: p.f. (código estándar: Cartos). Superficie dalgúns froitos a das patacas, monda. A carteira que me rouba*
- *PASMA: s.f. (código estándar: policía, persoas que traballan na policía). Admiración, asombro. A pasma colleu os ladróns da xoiería.*
- *CHUPA: s.f. (código estándar: Chaqueta). Caramelo redondo cun pao na parte inferior. - A miña chupa de coiro rompeu cando caín da moto.*

ANDRÉS MERA GONZÁLEZ. 3º A ESO

---

- *COLEGA: s.m. (código estándar: adulto, adulta). Persoa que pertence á mesma colectividade ou categoría. O que exerce a mesma profesión ou ten as mesmas funcións. Compañeiro. O meu colega usa roupa de marca.*
- *TALEGO: s.m. (código estándar: billete). Saco longo e angosto, de lienzo basto ou de lona, que serve para gardar unha cousa ou levala dunha parte a outra. Persoa que non ten arte nin disposición no corpo, e é moi ancha de van. Billete de 1000 pts. Quédanme 3 talegos para ir á excursión.*
- *PALMALA: s.m. (código estándar: morrer). Lugar onde hai palmeiras. Acabar a vida. O meu avó acaba de palmar.*
- *FIAMBRE: (código estándar: estar morta.). Que despois de asado ou cocido se deixa arrefriar para non comelo quente. Persoa que está morta. O señor quedou feito fiambre.*
- *MOLA: adx. (código estándar: gustar moito algo). Relativo á moa. Dise das pezas dentais situadas despois dos caninos. A nosa profesora de lingua galega mola un mazo.*

MAYRA REY FREIRE.

# Pinceladas deportivas de San Sadurniño

Cuando ya estamos en el Siglo XXI, los equipos o los deportistas de San Sadurniño les gusta que se les reconozca que son de "Sansa", sin embargo ese nombre ya aparecía en los años 60/70 cuando aquí había un importante equipo de fútbol, respetado por su calidad y temido por su poderío, en toda la comarca: Lalo, Víctor, Quique , o Rubio, etc. pueden dar fe de ello. Sin embargo aquel equipo fue perdiendo entidad y entonces surgió otro foco: el Narahío, referencia deportiva para nuestro Concello durante muchos años y en el que una persona destacó por encima de todos: Olegario, una persona unida indisolublemente al fútbol y a Narahío. Sin embargo ambas entidades marcaban pautas sólo en fútbol, hasta que en los años ochenta el Colegio Público comenzó a ser un foco de difusión deportiva importante, ampliando la oferta hacia campos mas desconocidos: balonmano, voleibol, atletismo, fútbol sala, tenis de mesa, etc.

El Colegio era un campo propicio para la difussión del deporte; los chicos y chicas estaban mucho tiempo en el Centro y les daba tiempo a todo, así que todo era cuestión de trabajar y de ofrecerles campos variados. De aquella época se recuerda a alguna excelente jugadora de ping-pong como Belén Soto y Mª Jesús; atletas destacados como José Manuel Espantoso, vencedor de varias pruebas de campo a través en Doniños y con unas excelentes condiciones para el cross; Geno Romero, José Manuel Gil, Flor López Canosa, Isabel Felgar, Melania Balseiro, atleta que después de correr el campeonato Provincial de cross por la mañana en Vedra, compitió en una prueba de 3.000 metros por la tarde en Santiago obteniendo una excelente clasificación. Futbolistas excelentes como Raúl, Andrés, Soto (que jugó en el Racing y posteriormente en el Narahío), jugadoras de voleibol como Rosana, Manolita, Marta Vigo, etc que no tuvieron la suerte de poder continuar después de marcharse del Colegio de San Sadurniño y jugadores como Luis, Pedro, Juanjo, Parra ( que desgraciadamente nos dejó hace muchos años), etc, cuyos grandes rivales eran los jugadores de "la Jorge" de Xubia. Esa era la historia de los 80 que recuerda como Nani, Oscar, Toñín, Gil, Roberto Lamas, los hermanos Durán, Campos, etc , lograban el campeonato Provincial de Voleibol infantil masculino frente al Marineda coruñés; su éxito les llevó a una fase de sector a Vigo en donde fueron 2º(eran el único Colegio Público) , perdiendo contra Pontevedra y venciendo a los representantes de Orense, Valladolid, Asturias, Lugo y León. Hoy todavía lo recuerdan ¿que sería de Cempés, si Oscar siguiera jugando?



Carlos con el equipo de fútbol

Aquella fue la época del desarrollo del fútbol sala al que está muy ligado el Restaurante Ermitas, equipo pionero en esta modalidad y el único "de fuera" que participó en las primeras ligas de Ferrol: Lalo (el del fútbol), Rico, etc y el malogrado Manolo de Bardaos en la portería dejaron alto el pabellón de San Sadurniño e hicieron emocionar a Juan. Por cierto que Bardaos, con Bautista como alma, dejó claro en recientes temporadas que esta modalidad se les da bien a los de Sansa; porque, además, el Colegio de San Sadurniño logró con Diego, Suso Soto, Emilio, Gustavo, Roberto Bouzas y otros, el título de campeón provincial infantil (¿sería la leche Bohal que tonmaron en el camino?). Participaron en el campeonato gallego en Lugo y fueron subcampeones por el golaverage (Si Emilo mete el gol a falta de 20 s., serían campeones) . La confirmación la han puesto el Club de Fútbol de San Sadurniño, fundado no hace muchos años y que sigue trabajando tanto en sala como en fútbol campo con una buena proyección.

El tiempo va cambiando las cosas y en los años 90, aparece el balonmano femenino y se consolida el Voleibol. Durante varios años , San Sadurniño fue el líder del balonmano femenino de Ferrolterra y un serio aspirante a títulos provinciales, que se le negaron por auténtica mala suerte: Beas (las que hubo en distintas épocas fueron excelentes jugadoras), Rocío, Rosario, Heidi, Vanesa, Diana(única jugadora que formó parte de la selección gallega juvenil), María José Prados (posiblemente la mejor deportista femenina que pasó por San Sadurniño), Noelia y un largo etc. fueron el ejemplo de una gran cantera.

En cuanto al voleibol, fue y sigue siendo una referencia importante en el concierto del deporte de base a nivel gallego: dos campeonatos gallegos infantil, un campeonato cadete y sobre todo el título gallego juvenil

